

-A Fraga, S. Coop.

Código. 15001148-I.E.S. As Mariñas Betanzos (A Coruña).

A entrega dos premios terá lugar o día 17 de decembro de 2005 nun acto público.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2005.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Presidente do Consello Galego de Cooperativas

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 7 de decembro de 2005 pola que se convoca un seminario de formación sobre o Programa Xuventude en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Dentro do programa de actividades da EGAP para 2006, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase un seminario de formación sobre o Programa Xuventude en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que deberá desenvolverse segundo as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Que os participantes adquiran unha formación ampla e eminentemente práctica sobre o Programa Xuventude, en todas as súas accións.

Que tomen conciencia do valor pedagóxico dos intercambios e do seu papel como vehículo intercultural.

Que adquiran unha formación básica e práctica na planificación, xestión e realización das distintas accións do programa.

Que sirvan de axentes multiplicadores do programa, potenciando e impulsando no seu medio a realización de proxectos.

Coñecer experiencias reais levadas a cabo por grupos de mozos/as e fomentar o mutuo coñecemento entre as organizacións e participantes.

Segunda.-Contido.

Marco xeral do Programa Xuventude. A Unión Europea e a xuventude. Acceso a fontes e programas da Unión Europea. Obxectivos, planificación e programación dun intercambio. Fases na elaboración dun proxecto: descrición e financiamento. Escolas, casos prácticos. Programa Sócrates e Leonardo da Vinci. Asociacionismo e participación xuvenil. Iniciativas de grupo, obxectivos e prioridades, experiencias prácticas. Medidas complementarias de apoio ao programa. Avaliación.

Terceira.-Destinatarios.

Responsables do programa na Dirección Xeral de Xuventude, servizos provinciais de Xuventude, técnicos xuvenís dos concellos, informadores xuvenís, responsables de asociacións, entidades e grupos xuvenís, directivos de escolas de tempo libre, animadores socioculturais, dinamizadores de xuventude que sexan posibles organizadores de proxectos de intercambio dentro do Programa Xuventude.

Cuarta.-Desenvolvemento

4.1. Duración: 30 horas.

4.2. Lugar: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Mataidoiro, s/n 15703 Santiago de Compostela. Telf.: 981 58 39 78.

4.3. Datás: 16, 17, 23 e 30 de xaneiro.

4.4. Horario: das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.30 horas.

4.5. Prazas: 30.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes de admisión para o seminario, segundo modelo que figura ao final da convocatoria, dirixíranse á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e presentaranse no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, San Caetano, s/n, ou en calquera das súas delegacións provinciais sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexta.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Selección.

Os criterios de selección serán os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 11 de febreiro de 2004 (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

Oitava.-Certificado de asistencia.

Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade no seminario.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións do seminario. Toda ausencia deberá ser debidamente xustificada polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no seminario coa perda de todos os dereitos.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2005.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO

1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA	
Denominación	
Resolución da convocatoria	Nº. DOG Data da publicación
Lugar de realización	Datos Horario
2.- SOLICITANTE	
Apelidos	Nome DNI
Enderezo particular: rúa, nº.	Localidade Provincia CP Telf.
3.- DATOS ADMINISTRATIVOS	
Clase de persoal (func. event, inter, lab. fixo, lab. temporal, etc..)	Corpo Grupo/Categoría
NRP	Data de ingreso no corpo Data de ingreso na Admón.
Posto de traballo: denominación	Nivel Data de nomeamento
Admón: autonómica/local/ universitaria/estatal, etc.,	Consellería ou entidade de pertenza Centro directivo
Enderezo do posto de traballo: rúa, nº.	Localidade (provincia) CP
Teléfono	Teléfono Correo electrónico
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso	

4.- DATOS ACADÉMICOS	
Títulos	Centros Duración Data de expedición
Cursos realizados na EGAP Data de realización	
5.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE	
- Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude. - Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia. _____, ____ de _____ de 2005 (Sinatura)	
Asdo.: _____	
6.- INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO	
Vístase a solicitude e o interese para o servizo , emítese informe <input type="checkbox"/> favorable <input type="checkbox"/> desfavorable sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada _____, ____ de _____ de 2005 (Sinatura e selo do órgano informante)	
Asdo.: _____	

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 23 de novembro de 2005 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Traballo.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Traballo, pola Orde do 11 de outubro de 2005 (DOG nº 207, do 27 de outubro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo

competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: 0384070257 A2071.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Rosado Morón, Javier.

Posto de traballo: asesor xurídico.

Nivel: 30.

Código do posto: AS.C02.00.003.15770.001.

Centro directivo: Secretaría Xeral da Consellería de Traballo.

Localidade: Santiago de Compostela.

Orde do 5 de decembro de 2005 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Orde do 18 de outubro de 2005 (DOG nº 208, do 28 de outubro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como daquel en que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das cales se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.